

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 13 DE MAIO DE 2025

Dá comezo a xuntanza ás 9:30 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros:

Rodríguez Pallares Jannette, Cifuentes Martínez José Manuel, Taboada Antelo Pablo
Fernández Escribano José Ángel, González Díaz Julio, Estévez Saa Margarita, Vilavedra Fernández Dolores, Neira Gómez María Isabel, López Gómez Carolina

Desculpan asistencia: Eva Rodil Rodríguez, Miguel Guisantes Alonso.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do equipo directivo da EDIUS
3. Informe modificación de programas de doutoramento
4. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Apróbase a Acta da Comisión de Calidade do 25/04/2025.

2. Informe do equipo directivo da EDIUS

O Director informa que o día para a votación das candidaturas ao Comité de Dirección é o próximo mércores 14 de maio.

Tras o informe das memorias por esta Comisión, estas pasarán pola Comisión de Oferta o día 19 de maio.

Informe sobre a reunión coa Área de Calidade do pasado día 6 de maio.

3. Informe das memorias para a modificación de programas de doutoramento para a súa implementación no curso académico 2026/2027

3.1. Agricultura e Medio Ambiente para o desenvolvemento

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron as modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.2. Análise Económica e Estratexia Empresarial

Informe favorable. Realizáronse ademais os cambios suxeridos.

3.3. Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses

Informe favorable. Realizáronse algúns dos cambios solicitados. Aínda falta a táboa de contribucións do persoal académico do programa porque presentaron 25 contribucións dos egresados do programa.

3.4. Ciencias da Visión

Memoria non presentada. Universidade coordinadora: Universidade de Valladolid.

3.5. Ciencia e Tecnoloxía Química

Informe favorable.

3.6. Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión

Logo do informe favorable da memoria deste PD por parte da Comisión de Calidade do 28 de marzo, non se recibiu unha nova memoria coas modificacións recomendadas realizadas. A Comisión de Calidade acordou o informe favorable definitivo da modificación do programa.

3.7. Ciencias Odontolóxicas

Informe favorable. Realizáronse as modificacións recomendadas.

3.8. Ciencias Sociais e Envellecemento

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron a meirande parte das modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.9. Comunicación e Información Contemporánea

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron as modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.10. Dereito

Informe favorable. Realizáronse ademais as modificacións recomendadas.

3.11. Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

Memoria non presentada. Coordinador: Universidade de Santiago de Compostela. Ao non presentarse memoria, comezase o proceso de extinción nos prazos oficiais

3.12. Didáctica das Ciencias Experimentais

Memoria non presentada. Coordinador: Universidad de Murcia.

3.13. Economía e Empresa

Informe favorable. Realizáronse as modificacións recomendadas. Incorporou como actividade formativa unha publicación, pero con carácter optativo, coa seguinte explicación:

“Incluíuse unha actividade formativa relativa a publicacións científicas. Mais incorporouse con carácter optativo, porque a CAPD acordou no momento da elaboración do anteproxecto de memoria e confirmou no momento da aprobación da memoria modificada non establecer como requisito obrigatorio específico do programa ter algunha publicación, limitándose ao que estableza o regulamento de estudos de doutoramento vixente. No anteproxecto de memoria, ese requisito aparecía na parte dos requisitos da USC, que agora se eliminou, pero non aparecía como criterio específico do programa. Esa decisión derívase de que aínda que maioría das teses contan con algunha publicación no momento da defensa, unha parte elevada do alumnado son profesionais, o que unido aos tempos de avaliación e aceptación das publicacións nestas áreas leva a que a maior parte das publicacións sexan posteriores á defensa da tese”.

3.14. Endocrinoloxía

O informe previo era desfavorable. Se fixeron a meirande parte das modificacións recomendadas. A Comisión de Calidade informou favorablemente a modificación da memoria deste programa de doutoramento.

3.15. Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética

Informe favorable. Realizáronse ademais as modificacións recomendadas.

3.16. Enxeñaría Termodinámica de Flúidos

Memoria non presentada. Coordinador: Universidad de Valladolid.

3.17. Equidade e Innovación en Educación

Logo do informe favorable da memoria deste PD por parte da Comisión de Calidade do 28 de marzo, non se recibiu unha nova memoria coas modificacións recomendadas realizadas. Enviaron os seguintes comentarios:

“No puedo entregar la Memoria de Modificación Substantial del Programa de Doctorado en Equidad e Innovación en Educación, porque, al tratarse de un programa interuniversitario coordinado desde la Universidad de Vigo y en el que participamos cinco universidades, he tenido que adaptarme a las fechas que manejan mis compañeros”.

3.18. Estatística e Investigación Operativa

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron as modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.19. Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura

Informe favorable. Realizou a meirande parte das modificacións recomendadas. Non incorporou como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, aínda que é un dos criterios de calidade que establece na memoria. Envían o seguinte comentario para explicalo:

“Esta derradeira versión, ao tratarse dun programa interuniversitario, contén tamén as indicacións e revisións a cargo das escolas de doutoramento da UDC e da UVigo. Este é o motivo da falta de precisión na redacción relativa a esixencia dunha publicación como criterio

de calidade (esixido pola USC, recomendado pola UDC mais non pola UVigo). Deben comprender que a memoria ten que atender ás directrices das tres universidades participantes no título”.

3.20. Historia contemporánea

Memoria non presentada. Universidade coordinadora: Universidad de Zaragoza.

3.21. Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron a meirande parte das modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable. Falta especificar as competencias que se adquiren logo de cursar as distintas actividades formativas.

3.22. Investigación Agraria e Forestal

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron a meirande parte das modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.23. Investigación Clínica en Medicina

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron a meirande parte das modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.24. Investigación e Desenvolvemento de Medicamentos

Informe favorable. Realizáronse as modificacións recomendadas.

3.25. Láser, Fotónica e Visión

Informe favorable. Realizáronse as principais modificacións recomendadas.

3.26. Lóxica e Filosofía da Ciencia

Memoria non presentada. Coordinador: Universidade de Salamanca.

3.27. Matemáticas e Aplicacións

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron as modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.28. Medicina Molecular

Logo dun primeiro informe desfavorable por parte da Comisión de Calidade do 28 de marzo, esta acordou informar favorablemente a memoria de modificación deste PD.

3.29. Métodos Matemáticos e Simulación Numérica en Enxeñaría e Ciencias Aplicadas

Informe favorable. Realizáronse as modificacións recomendadas.

3.30. Neurociencia e Psicoloxía Clínica

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron a meirande parte das modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.31. Procesos Psicolóxicos e Comportamento Social

Informe favorable. Realizaron os cambios sinalados pola Comisión de Calidade.

3.32. Protección do Patrimonio Cultural

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron a meirande parte das modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable. Non incorporou como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, para que os criterios de calidade se correspondan coas actividades formativas. Envían o seguinte comentario:

“Non procede a incorporación desta proposta, xa que se trata dun requisito alternativo para a defensa da tese doutoral, tal e como se especifica na memoria do programa. Este requisito pode cumprirse mediante a xustificación da autoría dunha achega científica que se enmarque nalgunha das seguintes modalidades:

- *Publicación nunha revista científica indexada.*
- *Publicación de libros ou capítulos de libros en editoriais con indicios de calidade.*
- *Presentación oral dun traballo nun congreso internacional con comité científico.*

Polo tanto, ao tratarse dun requisito vinculado á defensa da tese (e alternativo entre distintas opcións) e non á formación do/doutorando/a, non procede a súa inclusión como actividade formativa obrigatoria dentro do plan de formación”.

3.33. Psicoloxía do Traballo e as Organizacións, Xurídica-Forense e do Consumidor e Usuario

Informe favorable. Realizaron os cambios sinalados pola Comisión de Calidade.

3.34. Relacións Laborais e Recursos Humanos

Logo dun primeiro informe desfavorable da Comisión de Calidade, considérase que na nova memoria se fixeron as modificacións recomendadas e, polo tanto, recibe informe favorable.

3.35. Textos da Antigüidade Clásica e a súa Pervivencia

Memoria non presentada. Coordinador: Universidade de Salamanca.

4. Asuntos de trámite

5. Rogos e Preguntas

Sen máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 11:00 horas

O Presidente

A Secretaria

Asdo.: Pablo Taboada Antelo

Asdo.: Isabel Neira

Sinaturas dixitais / Firmas digitales / Digital signatures

Asinante/Firmante/Signer: MARIA ISABEL NEIRA GOMEZ,
NIF ***2557**, 11/11/2025 08:51:55.

Asinante/Firmante/Signer: PABLO TABOADA ANTELO,
DIRECTOR DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA, 11/11/2025 09:11:25.

CSV: D82F-F88E-42D6-9AF2